

Food! Delicious! (actividades para 1º e 2º, semana do 4 ao 8 de maio)

Esta semana imos comezar coa comida. Imos expresar o que nos gusta e o que non nos gusta. Aínda que xa se traballou en infantil, para os de 1º as formas escritas son novas, así que imos ir pouco a pouco. Para os de 2º, recordamos e aprendemos cousas novas.

Os que tedes a aplicación Navio podedes traballar este tema na unidade 4 de 1º. Encontraredes cancións, videos con historias e actividades. Os que queirades que vos dé de alta na aplicación co voso correo electrónico poñédevos en contacto comigo a través do correo paqcha@cpiars.com

Recordade: As actividades son orientativas e podedes repartir as tarefas, non é necesario que fagades todo xunto. Vós e as vosas familias decidides. Se non podedes imprimir podedes facer as actividades de escribir nun folio ou nunha libreta, no que teñades. Non hai que copiar os debuxos, poñemos o número da ficha e escribimos (ou debuxamos ou o que se pida) as respostas. Non quedarán tan “escolarmente” ordenadas pero seguro que vos quedarán preciosas igualmente, sodes uns artistas.

Non esquezades que os vídeos son fundamentais para aprender a correcta pronunciación das palabras (HAI QUE VELOS VARIAS VECES NA SEMANA E REPETIR, REPETIR E REPETIR AS PALABRAS)

1. Vídeo de presentación. Para mirar e desfrutar escoitando atentamente.
https://www.youtube.com/watch?v=UBEVc_9j1k4
2. As primeiras palabras que imos aprender. Escoitar e repetir.
<https://youtu.be/b8HnfBQeOVU>
3. Aprendemos a escribir esas palabras: repasar, copiar, unir, volver a escribir e volver a ver o video anterior sinalando a palabra na ficha e dicíndoa en alto(**WORKSHEET 1**, pax. 3)
4. Aprendemos a dicir o que nos gusta. Mira este video e repite con Steve:
<https://www.youtube.com/watch?v=aVC2ekVlb7I>
5. Agora imos escribir o que nos gusta e o que non nos gusta. (**WORKSHEET 2**, pax 4). Podemos usar todas as palabras que coñecemos.
6. **MAKE YOUR PERFECT PIZZA.** Fai ou imaxina a túa pizza favorita, faille unha foto ou débúxaa e ponlle que leva. Tamén podedes facelo nun arquivo informático e envíalo, pero recordade que son @s nen@s os que teñen que escribir as palabras. Podedes facer algo parecido a isto:



7. **FOOD DICTIONARY:** Imos poñer todas as palabras que aprendemos xuntas. Nunha folla ou cartolina (no que teñades a man) debuxamos e escribimos todas a palabras relacionadas con comida que aprendemos ata agora. O título "Food Dictionary"... e hai que ter sitio para logo engadir máis. Tamén podedes facer un minilibro ("minibook", é unha das cousas que á rapazada de 2º gústalle máis, preguntádelles como facelo)
8. E a ti que che gusta? Gústanche os espaguetis? E os iogures? Gústanche os yogures de espagueti? Esta canción hai que aprendela.
<https://www.youtube.com/watch?v=ddDN30evKPc>
9. Volve a poñer a canción. Aprendemos a preguntar e responder o que nos gusta. Escribe a resposta correcta según a canción (mira ben como se escribe na parte de arriba da ficha, **WORKSHEET 3**, pax 5)
10. Con que podemos facer unha tortilla? E unha ensalada? Pregunta e escribe (mira nas actividades anteriores como se escriben as palabras) Logo responde ás preguntas (**WORKSHEET 4**, pax 6)
11. **FOOD DICTIONARY:** Engadimos as palabras novas no noso diccionario (na próxima semana, máis)
12. E agora para rematar un video para rir un pouco.
<https://www.youtube.com/watch?v=rd6Ad6F-80>

TEDES MÁIS PROPOSTAS DE TRABALLO NAS ACTIVIDADES DE 3º E 4º, AO MELLOR APETÉCECHE VER OS VIDEOS OU FACER ALGUNHA DELAS.

WORKSHEET 1.

Name:



- Trace and copy




eggs



milk



mushrooms




cheese

.....

.....

.....

.....



sausages



peas



potatoes



carrots

.....

.....

.....

.....

- Match and write:

mushrooms
sausages
milk
eggs

















carrots
peas
potatoes
cheese

WORKSHEET 2.

Name:

Like



Don't like



tomato



Cucumber



I like ...

I like peas.

I like

.....

.....

lettuce



olives



I don't like...

I don't like sausages.

I don't like

.....

.....

ham



ketchup




WORKSHEET 3.

Name:

Yes, I do.

No, I don't.

- Answer.



.....

.....



.....



.....

.....



.....

What do you need to do...



AN OMELETTE



A SALAD



.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Do you like omelette?

Do you like salad?